




## UNIDADE 6

# Que sabes facer?

Pregúntelles aos seus estudiantes se saben que se ve na fotografía da portadiña. Aclare, de ser necesario, que se trata dunha muller que está a facer encaixe de Camariñas. Se vostede considera oportuno dar máis datos sobre esta tradición, pode atopar información no sitio [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net). Anime os seus estudiantes a dicir actividades (pode suxerir que sexan afeccións) para as que sexa necesario empregar unha técnica, como por exemplo: **tocar un instrumento, facer artesanías, debuxar...**

Aproveite para que os seus estudiantes comenten que cousas saben facer. Por último, presente os obxectivos e a tarefa final da unidade: escoller o chofer, o cociñeiro e o guía turístico para pasar unha fin de semana de acampada por Galicia.



# comprender

## 1. CALIDADES DUN AMIGO

**Distinguir entre calidades e defectos. Referirse ás calidades e aos defectos dun mesmo. Decidir as tres calidades más importantes nun amigo ou amiga.**

### OBSERVACIÓNES PREVIAS

Se ben non é a primeira vez que aparecen no curso os adjetivos de carácter, ata agora non se trattaron de maneira sistemática. Polo tanto, é probable que os seus alumnos e alumnas recoñezan algúns destes adjetivos. Dado que non hai un contexto determinado que permita a dedución do significado, permítalles empregar o diccionario e aclare todas as súas dúbidas.

Sinalo que a clasificación de adjetivos en positivos ou negativos pode ser algo subjetivo, ou incluso cultural, e que, polo tanto, hai adjetivos que poden estar nas dúas columnas, en función da perspectiva de quen os clasifica.

### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus estudiantes: **Como pensades que son eu?** Déalles tempo para dicir un par de cousas. Se só son positivas, pregúntelles: **Só cousas positivas? E negativas?** Faga dúas columnas no encerado, unha coa palabra **calidades** (co signo +) e outra con **defectos** (co signo -), e escriba debaixo as súas propostas. Se non din ningún defecto referente a vostede, propoña un vostede mesmo e escríbalo na columna correspondente.

### PROCEDIMENTOS

**A.** Explíquelles que na lista de adjetivos hai calidades e defectos. Pídalles que, individualmente ou en parellas, os clasifiquen no cadro inferior segundo sexan positivos ou negativos. Permítalles usar o diccionario se o necesitan ou preguntarlle a vostede ou a un compañeiro ou compañeira.

Despois da posta en común, procure que non queden dúbidas de significado.

#### Solución (suxestión)

*Calidades: responsable, tranquilo/a, organizado/a, sinxelo/a, paciente, intelixente, xeneroso/a, simpático/a, puntual, divertido/a, aberto/a, romántico/a, falador/a.*

*Defectos: antipático/a, aburrido/a, impuntual, irresponsable, tímido/a, nervioso/a, desorganizado/a, raro/a, despistado/a, impaciente.*

**B.** Tomando como modelo a mostra de lingua, pídalles que lles expliquen aos compañeiros e compañeiras que calidades ou defectos creñ que teñen.

Segundo o que digan os seus alumnos e alumnas, pode preguntaralles: **Quen é o máis modesto da clase? E o menos modesto?** De ser necesario, explique previamente o significado de *modesto*.

**C.** Pregúntelles cales son as tres calidades más importantes nun amigo. Pode recomendarllles que pensen no seu mellor amigo/a e nas calidades que ten.

Sinalo o valor da perifrase **ter que** + infinitivo que aparece na mostra de lingua.

Por último, remítaos á epígrafe “Adxectivos de carácter” da páxina 53 e fágalles notar que os acabados en **-e, -ista** e **-al** teñen unha única forma para o masculino e para o feminino.

### E DESPOIS

Se lle parece conveniente, faga que os seus estudiantes volvan á lista de adjetivos do punto A e que emparellen os contrarios que hai.

#### Solución

*Simpático/a – antipático/a  
Divertido/a – aburrido/a  
Responsable – irresponsable  
Tranquilo/a – nervioso/a  
Organizado/a – desorganizado/a  
Paciente – impaciente  
Puntual – impuntual  
Aberto/a – tímido/a*

Para os que non teñan parella na lista, pode preguntaralles aos seus alumnos e alumnas cales pensan que son os contrarios.

#### Solución

*(suxestión)  
Sinxelo/a – complicado/a  
Intelixente – pouco intelixente/non moi intelixente  
Xeneroso/a – agarrado/a  
Raro/a – normal  
Despistado/a – centrado/a  
Romántico/a – pouco/nada romántico/a  
Falador/a – calado/a*

### MÁS EXERCICIOS

Páxina 116, exercicio 3.

## 2. FAMOSOS

**Escoitar dúas entrevistas e dicir como son uns persoeiros a partir do que din.**

### OBSERVACIÓNES PREVIAS

Nesta actividade, os seus estudiantes terán que describir as dúas personaxes a partir das respostas que dan nunha entrevista radiofónica. As interpretacións que poidan facer os seus alumnos e alumnas son diversas. Acepte todas aquellas posibilidades que poidan xustificar.

### PROCEDIMENTOS

**A.** Dígalles que van escoitar dúas entrevistas de dous persoeiros non reais, unha cantante e un arquitecto, e que teñen que pensar que adjetivos poden servir para describilos en función do que din.

# Que sabes facer?

Poña a gravación da primeira entrevista unha vez e deixe que comenten cun compañeiro ou compañeira o que pensan. Despois, volva poñer a gravación e faga unha posta en común con toda a clase. Logo, repita o proceso coa segunda entrevista.

**B.** Pregúntelles agora quen lles parece máis interesante, Xoana ou Carlos. Pídalles que xustifiquen as súas respuestas.



## 3. ES UNHA PERSONA ROMÁNTICA?

**Responder un test. Recoñecer o pretérito e reflexionar sobre o seu uso e formación.**

### OBSERVACIÓNES PREVIAS

A través dun test, preséntase o pretérito. Este contexto axudaralles aos seus estudiantes a entender mellor o uso deste tempo verbal.

### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas: **Que cousas fai unha persoa romántica?** Díalles algúun exemplo: **dicir quérote moitas veces, escribir poemas de amor...** Anote no encerado o que digan os seus alumnos e alumnas.

### PROCEDIMENTOS

**A.** Pídalles que lean e contesten individualmente as preguntas do test para saber se son ou non persoas románticas. Aclare as dúbidas de vocabulario que poidan xurdir ou permítalles usar o diccionario se o necesitan.

**B.** Dígalles que teñen que contar as respuestas afirmativas e ler o resultado correspondente. Despois faga unha posta en común na que cada un exprese se está de acordo ou non co resultado do test.

**C.** Chame a atención dos seus alumnos e alumnas sobre a aparición dun novo tempo verbal, o pretérito, e comente que, como xa seguramente percibiron ao ler as preguntas, serve para falar de experiencias pasadas. Anímeos a subliñar todas as formas do pretérito que atopen nas preguntas do test.

### Solución

*Preparaches  
Escribiches  
Viviches  
Cantaches  
Namorácheste  
Tiveches  
Dixeches  
Declaraches*

*Fixeches  
Enviácheslle*

**D.** Pregúntelles se saben en que persoa están as formas en pretérito que subliñaron (ti, segunda persoa). Remítaos, logo, ao cadro desta epígrafe e pídalles que o completen coas formas que atoparon e co infinitivo correspondente para cada unha.

Este pode ser un bo momento para consultar a epígrafe “Falar de experiencias pasadas: o pretérito e irregulares más frecuentes”.

**E.** A modo de comprobación e de repaso, propónalles facerlle o test a un compañeiro ou compañeira para saber quen e más romántico dos dous. Poden engadir preguntas novas se o desexan.

Pódelles dar como exemplo a mostra de lingua do libro ou ben indicarles que, para practicar a forma da primeira persoa, alternen preguntas como: **-Eu preparei moitas veces unha cea romántica, e ti?**

### MÁIS EXERCICIOS

Páxina 116, exercicios 2 e 4.  
Páxina 117, exercicio 5.

## 4. NON SABES OU NON PODES?

**Diferenciar entre saber e poder.**

### OBSERVACIÓNES PREVIAS

Se os seus alumnos e alumnas teñen como lingua materna unha lingua de orixe románica, esta actividade non lles suporá ningunha dificultade, xa que disponen de termos equivalentes. Nesta ocasión, préstelles especial atención aos alumnos e alumnas que non falen ningunha lingua románica.

### PROCEDIMENTOS

**A.** Pídalles a tres alumnos e alumnas que interpreten o diálogo do debuxo. A continuación, pregunte: **Por que di que non o rapaz? E a rapaza? Teñen os mesmos motivos?**

**B.** Unha vez comprendida a diferenza entre saber e poder, pregúntelles se saben facer algunha das nove actividades recollidas no cadro. Faga que llelo expliquen aos compañeiros e compañeiras seguindo o modelo de lingua.

### E DESPOIS

Propónalles seguir falando doutras cousas que saíban facer. Quen sabe facer a cousa máis orixinal? E a máis estraña? E a máis perigosa? etc. Anímeos a facerse preguntas mostrando interese sobre o que saben facer os compañeiros e compañeiras. Dea vostede un modelo, por exemplo:

- Eu sei voar en ala delta.
- Si? E cando aprendiches?



## 5. BUSCA ALGUÉN QUE...

**Buscar compañeiros e compañeiras que fixeron algúna vez unha serie de cousas.**

### OBSERVACIÓNIS PREVIAS

Nesta actividade, os seus alumnos e alumnas empregarán o pretérito de maneira autónoma. A través dunha lista de accións, o estudiante deberá construír a pregunta, formulárllela aos compañeiros e compañeiras individualmente e apuntar o nome do primeiro que conteste de maneira afirmativa. Malia que no enunciado se advirte de que non se pode pasar á seguinte pregunta ata que non se atope alguén que responda afirmativamente a anterior, no caso de que ningún dos seus alumnos e alumnas fixese nunca algúna das cousas da lista, pódelle dicir que escriban **ninguén** no lugar do nome e que pasen á seguinte frase.

### ANTES DE EMPEZAR

Pregúntelle a un dos seus estudiantes: **Perdiches as chaves da casa algúna vez?** Se contesta que si, apunte o seu nome no encerado. Se responde negativamente, formúllelle a pregunta a outro estudiante.

### PROCEDIMENTOS

Explique a mecánica do exercicio lendo e aclarando as instrucións. Remítalo ao que acaba de facer vostede antes de comezar coa actividade. Dáelles uns minutos para preparar o cuestionario e recórdelles que deben completar a lista con dúas preguntas máis. Vostede pode participar como membro activo, formulando preguntas e contestando as que lle fagan os seus alumnos e alumnas.

Por último, faga unha posta en común e comente cada unha das preguntas do cuestionario. Quen fixo as preguntas más interesantes?

## 6. UN TIPO MOI CURIOSO

**Entender os exemplos que dá unha persoa sobre a súa curiosidade. Pescudar se o compañero e compañeira é curioso.**

### OBSERVACIÓNIS PREVIAS

Aclare que o adjetivo **curioso** pode ter un matiz positivo ou negativo, pero que no contexto da actividade que van realizar ten un carácter negativo.

### PROCEDIMENTOS

**A.** Dígalles aos seus estudiantes que van escuchar unha conversa entre dous amigos e amigas. Un deles recoñece que é moi curioso e pon algúns exemplos do que fai.

Pídalles aos seus alumnos e alumnas que anoten os exemplos que dá. Poña a gravación máis dunha vez, de ser necesario, antes de pasar á posta en común.

### Solución

*Escoita as conversas das persoas nos restaurantes.*

*Leu cartas doutras persoas.*

*Algunha vez mirou no bolso da súa moza.*

*Escoita as conversas dos veciños.*

*Contratou un detective para saber cousas.*

**B.** Agora, pídalles que, igual que na actividade 5, lle pregunten ao compañero se fixo algúna vez as cousas que dixo o protagonista da conversa que acaban de escutar. Desta maneira, saberán se o seu compañero ou compañeira é curioso ou non. Remítalo á mostra de lingua e asegúrese de que queda clara a dinámica.

**C.** Pregúntelles: **Que pescudastes do voso compañero ou compañeira? Fixo algo que vós non fixestes nunca? É más ou menos curioso/a ca vós?**

### E DESPOIS

Pode propoñerelles que confesen o seu maior defecto e que dean exemplos. Vostede pode facer de entrevistador. Non force a ningún a contestar e fágaos conscientes do carácter lúdico da súa proposta.

## 7. COUSAS EN COMÚN

**Falar das cousas más interesantes que fixeron nos últimos meses.**

### PROCEDIMENTOS

**A.** Interésese por saber cales son as cousas más interesantes que fixeron os seus estudiantes nos últimos meses. Poña como exemplo as actividades que aparecen no enunciado (lugares que visitaron, pratos que probaron, xente que coñeceron) e engada outras que lles poidan axudar a facer memoria: películas que viron, libros que lerón, celebracións que tiveron etc. Dáelles uns minutos para que elaboren as súas listas.

**B.** Pida algún voluntario para saír ao encerado e anotar a información de toda a clase. Despois teñen que determinar que actividades se repiten máis.

## 8. ADEUS PAPÁS!

**Mostrar acordo ou desacordo co contido dun artigo. Facerse preguntas antes de tomar unha decisión.**

### OBSERVACIÓNIS PREVIAS

Sinalo o valor reflexivo do verbo *preguntarse*: o que fai a pregunta é o mesmo que a contesta.

### ANTES DE EMPEZAR

Presente vocabulario das tarefas da casa por medio do xogo que lle propoñemos a continuación. Divida o grupo

# Que sabes facer?

en parellas e repártalle un xogo de tarxetas a cada un (**ficha 12**). Indíquelles que coloquen as tarxetas boca abaxo mesturadas. Por quendas, cada un colle dúas tarxetas; se forman parella, queda con elas e volve coller outras dúas. Se non forman parella, pásalle a vez ao outro xogador ou xogadora.

## PROCEDEMENTOS

**A.** Pregúntelles aos seus alumnos e alumnas: **Quen de vós vive ou viviu só algunha vez? Quen quere vivir só?** Remítaos á introdución do artigo e pídalles que, despois de lelo, lles expliquen aos compañeiros e compañeiras que cousas consideran importantes ou imprescindibles para vivir sós.

**B.** Explíquelles agora outro caso, esta vez extremo, de vida solitaria. Igual que no punto anterior, pregunte: **Algún de vós quere vivir nunha illa deserta?** Se ningún dos seus alumnos ten interese nesta experiencia, dígalles que vostede si que quere vivir nunha illa deserta. Pídalles que pensen posibles preguntas para lle formular a vostede sobre unha decisión tan importante coma esa, para saber así se está preparado ou non. Poden facer este traballo individualmente ou en parellas.

Faga unha posta en común e escollan entre todos as seis mellores preguntas. Contéstelas e deixe que, segundo as súas respuestas, os seus estudiantes decidan se está vostede preparado ou non para vivir nunha illa deserta.

## 9. BÚSCASE CHOFER, GUÍA E COCIÑEIRO

**Elixir entre os compañeiros e compañeiros o chofer, o guía e o cociñeiro para ir de acampada.**

### ANTES DE EMPEZAR

Se vostede traballa con estudiantes estranxeiros, pídalles que miren a ilustración e pregúntelles: **Cal destes estudiantes é o chofer? E o guía? E o cociñeiro?**

## PROCEDEMENTOS

**A.** Poña os seus alumnos e alumnas en situación: teñen que imaxinar que van de acampada por Galicia e que un deles será o chofer, outro o guía e outro o cociñeiro do grupo. Pídalles que escriban nun papel o posto que lles gustaría ocupar a cada un e as razóns polas que cren que deben ser elixidos. Se conta cun grupo numeroso, pode ampliar a lista de profesións con, por exemplo: un monitor ou monitora de actividades de ocio ou un monitor ou monitora de actividades deportivas.

**B.** Pídalles que, individualmente, lle expliquen ao resto da clase que traballo queren facer e que xustifiquen por que pensan que o poden facer ben. Os compañeiros e compañeiras deben tomar notas e facerlle a quen fale todas as preguntas que queiran para coñecer as súas habilidades e experiencias. Pode remitilos á mostra de lingua para aclarar dúbidas, de ser necesario.

**C.** Por último, anímeos a facer unha votación a man alzada para saber quen son os elixidos.

## E DESPOIS

Pode facer más real a actividade levando á clase folletos dalgún cámping, información turística sobre Galicia, algún mapa de estradas etc.

Unha vez seleccionados os candidatos, divida a clase en dous grupos (un grupo co cociñeiro e outro co chofer e co guía) e propónalles que planifiquen mellor os días de cámping: que día queren saír, cando queren volver, cal é o traxecto máis cómodo, rápido ou interesante, que lugares poden visitar de camiño, que actividades lúdicas ou deportivas van facer, cal será o menú de cada día...



## 10. O TEMPO É OURO

**Ler un artigo sobre bancos de tempo.**

### ANTES DE EMPEZAR

Interésese por saber se os seus estudiantes están satisfeitos co tempo de que dispoñen cada día para as obrigas e para o tempo libre. Pregúntelles se hai ocasións nas que non teñen tempo de facer o que deberían ou lles gustaría.

## PROCEDEMENTOS

**A.** Antes da lectura, lea en voz alta o título deste e pregúntelles que pensan eles a que se pode referir un **banco de tempo**. Tras escutar as súas suxestións, anímeos a ler o texto completo. Mientras o fan, axúdelles a resolver calquera dúbida que poida xurdir.

**B.** A seguir, pregúntelles que opinan da iniciativa en xeral e que comenten calquera aspecto do texto ao que queiran facer referencia. Interésese por saber se coñecen algún caso concreto no que se aplique esta fórmula de intercambio.

**C.** Dígalles que escriban de maneira individual as habilidades e servizos que lles gustaría intercambiar nun banco de tempo da clase. Déalles uns minutos e logo anímeos/ as a poñer toda a información en común para fundar, se queren, o banco de tempo.

## 11. OPINIÓNS

**Ler unha serie de opinións duns galegos e galegas sobre as persoas doutras nacionalidades.**

### OBSERVACIÓNES PREVIAS

Nesta actividade trátanse de maneira aberta os tópicos, tanto sobre outras culturas como sobre a galega. Fomente a reflexión dos seus estudiantes sobre este tipo de afirmacións.

## ANTES DE EMPEZAR

Escriba no encerado a palabra **tópico** e pregúntelles aos seus estudiantes a que fai referencia. Unha vez aclarado o sentido, pregúntelles se coñecen algún sinónimo (**estereotipo**).

Pídalles logo que escriban nun papel solto estereotipos que coñezan sobre outras culturas ou nacionalidades (poden ser positivos ou negativos). Déalles uns minutos e pídalles que lle entreguen os papeis sen poñer os seus nomes. Gárdeos ata que non rematen o punto A da actividade.

## PROCEDIMENTOS

**A.** Dígalles aos seus alumnos e alumnas que van ler as opinións duns galegos sobre os habitantes dos diferentes países nos que viven. Pode propoñerles que lean e comenten entre todos cada unha das opinións. Están de acordo co que di esa persoa? Coñecen algunha persoa das culturas mencionadas?

Cando rematen de comentar todas as opinións, pode ler o contido (non todos, se lle parecen demasiados, e non

lea os que se refiran aos galegos, xa que se comentarán no punto B) dos papeis que escribiron os seus estudiantes. Lea cada estereotipo en voz alta e anímeos a comentalo. Cando rematen, invíteos a reflexionar sobre os tópicos de maneira aberta. É probable que moitos dos comentarios que teñan que facer xa saísen durante a realización da actividade, pero anímeos de todos os xeitos a facer unha compilación de ideas referentes aos tópicos no encerado. Por exemplo:

- **Moitas veces, só nos baseamos na nosa experiencia, non nunha observación rigorosa.**

**B.** Pregúntelles agora se coñecen tópicos sobre os galegos e anímeos a comentar se se poden aplicar aos galegos e galegas que eles coñezan. Se se dese o caso de que os seus estudiantes non coñecen tópicos sobre os galegos, pode comentar vostede que existen moitos: no resto do Estado español, van dende amantes da súa terra, supersticiosos, tranquilos, sinxelos, hospitalarios, traballadores ou cariñosos, ata relixiosos, pechados, desconfiados, tímidos ou tristes. En certos países de América Latina, existe o estereotipo de que os galegos son parvos e brutos.